

“GRAZAS Á XESTIÓN DE JAVIER VARELA, ANTAS DE ULLA É O CONCELLO MÁIS ENDEBEDADO DA PROVINCIA”

Pilar García Porto destacou que “grazas ao Alcalde, os veciños e veciñas de Antas temos unha débeda superior aos 1.300.000 euros, o que está conducindo ao Concello a un camiño sen volta atrás”

Os socialistas de Antas propoñen, como primeira medida de control de gasto, a redución do salario do Alcalde ao 50 %, e a supresión do soldo dos Concelleiros, coa que se conseguirá un aforro inmediato de 80.000 euros anuais

García Porto lembrou que “Javier Varela non goberna para os veciños, senón para si mesmo. Mostra disto son as funcionarizacións de familiares e afíns. Para nós, o control no gasto é un dos principais retos aos que nos debemos afrontar na vindeira lexislatura”

Antas de Ulla, 19 de maio de 2015.- A candidata socialista á alcaldía de Antas de Ulla - Pilar García Porto- valorou este martes as políticas económicas do rexedor municipal, Javier Varela, no concello que “converteron a Antas no municipio máis endebedado da provincia de Lugo, e nun dos que máis gasta en relación ao que ingresa” valorou Porto. Nesta liña, a candidata socialista destacou que “as políticas de Varela en Antas dilapidan o público e baséanse única e exclusivamente no interese persoal”. Pilar García lembrou que, grazas ao goberno do Alcalde e do seu equipo, Antas de Ulla ten unha débeda oficial superior aos 1.300.000 euros, incrementada no 2014 con 400.000 euros a través dun crédito. Isto significa que, cada veciño debemos uns 600 euros de media, o que nos conduce a un camiño sen volta atrás e que hipoteca a varias xeracións”, subraiou.

García Porto afirmou que “para os socialistas, a diferenza de Javier Varela, o control do gasto no concello é un obxectivo primordial” e informou que “no noso programa, ofrecemos varias medidas de aforro real, coa que frearemos esta tendencia de endebedamento”. Segundo Porto “Javier Varela goberna para si e non para os veciños pois, creou catro prazas fixas, para familiares e afíns; funcionarizacións feitas con premeditación e sen informar nin a veciños nin a traballadores, feito que para os socialistas é inadmisíbel xa que, rompe co principio de igualdade que deben ter os postos de traballo das administracións públicas”.

A alcaldable valorou que “Varela destina máis de 104.000 euros ao ano, en gastos salariais e no de dous concelleiros, aumentando cada vez máis o endebedamento de todos os veciños e veciñas” e informou que “os socialistas propomos un aforro real e inmediato reducindo ao 50 % o salario do alcalde e suprimindo os soldos dos edís, co que conseguiremos unha aforrar 80.000 euros”.

“O alcalde non é quen nin de ofrecer solucións nin de propor medidas novas. De feito, durante os últimos anos, os socialistas conseguimos, en colaboración coa Deputación, un investimento de 232 euros por veciño. Pola contra, o alcalde e o seu equipo consolidaron esta débeda millonaria, que tardaremos moitos anos en pagar. Para Porto, “o seu equipo é a única alternativa sensata de cambio do concello fronte ás políticas do alcalde, que xa vemos a onde nos levaron”.



Medidas de aforro e control do gasto público

Para os socialistas de Antas de Ulla, o aforro no concello e o control do gasto público é un dos obxectivos que determinan a súa proposta electoral. O PSdeG de Antas, con García Porto á cabeza propoñen, aparte do aforro de 80.000€ ó ano en salarios do alcalde e concelleiros, a contención e aproveitamento do gasto de persoal do concello e nos materias de obra; a redución dos custes de mantemento das instalación do tendido eléctrico; medidas que permitan reducir custes aos emprendedores; e, por último, a redución dos impostos municipais ata, como mínimo, igualalos cos municipios veciños. Con estas medidas, García Porto e o seu equipo, buscan reducir a débeda e aproveitar ao máximo os recursos dos que dispón o concello.

